

## ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO **LEADER 23-27**

### **DOCUMENTO E** ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DE USO E XESTIÓN DO TERRITORIO



# ÍNDICE

|                                                                                                                                                   |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. Introducción .....                                                                                                                             | 5  |
| 1.1. Introducción ao apartado.....                                                                                                                | 7  |
| 1.1.1. Análise do uso e ocupación do territorio rural.....                                                                                        | 7  |
| 1.1.2. Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións gandeiras.....                                                                | 10 |
| 1.1.3. Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de produción agroforestais.....        | 11 |
| 1.1.3.1. Evolución do número de empresas dedicadas á agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas entre os anos 2014 e 2020:..... | 11 |
| 1.1.3.2. Evolución do número de unidades gandeiras totais (UGT) entre os anos 1999 e 2020: 12                                                     |    |
| 1.1.3.3. Evolución do número de empresas dedicadas á silvicultura e explotación forestal entre os anos 2014 e 2020: .....                         | 12 |
| 1.1.3.4. Evolución da superficie forestal entre os anos 2007 e 2020: .....                                                                        | 13 |
| 1.1.3.5. Superficie forestal propiedade de comunidades de montes veciñais e man común: 13                                                         |    |
| 1.1.4. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación de calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e /ou forestal:.....        | 14 |
| 2. Metodoloxía do informe.....                                                                                                                    | 15 |
| 2.1. Metodoloxía de traballo.....                                                                                                                 | 17 |
| 2.1.1. Tamaño das parcelas.....                                                                                                                   | 17 |
| 2.1.2. Pendente.....                                                                                                                              | 18 |
| 2.1.3. Capacidade produtiva .....                                                                                                                 | 19 |
| 2.1.4. Frecuencia de lumes forestais.....                                                                                                         | 21 |
| 2.1.5. Zonas de concentración parcelaria.....                                                                                                     | 22 |
| 2.1.6. Existencia de limitacións.....                                                                                                             | 24 |
| 3. Resultados obtidos.....                                                                                                                        | 25 |
| 3.1. Resultados obtidos.....                                                                                                                      | 27 |
| 3.1.1. Datos zona 1. Viascón.....                                                                                                                 | 29 |
| 3.1.2. Datos zona 2. A Chan, Carballedo.....                                                                                                      | 34 |
| 3.1.3. Datos zona 3. Cangas - Nerga.....                                                                                                          | 37 |
| 3.1.4. Datos zona 5. Cangas Núcleo.....                                                                                                           | 43 |
| 3.1.5. Datos zona 6. Poio – Saiñas.....                                                                                                           | 46 |
| 3.1.6. Datos zona 8, Tomonde.....                                                                                                                 | 52 |
| 3.1.7. Datos zona 9. Aguasantas.....                                                                                                              | 55 |
| 3.1.8. Datos zona 10, Ponte Caldelas.....                                                                                                         | 57 |
| 3.1.9. Datos zona 11. Pontevedra 2.....                                                                                                           | 60 |

|                                                                                                                                                                                                           |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 4. Recursos empregados.....                                                                                                                                                                               | 63 |
| 4.1. Recursos empregados .....                                                                                                                                                                            | 65 |
| 4.1.1. Información cartográfica .....                                                                                                                                                                     | 65 |
| 4.1.2. Outra información empregada.....                                                                                                                                                                   | 65 |
| 4.2. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras.....                                                                                                                             | 65 |
| 5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas.....                                                                                                                                              | 67 |
| 5.1. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais..... | 69 |

## **1. Introducción**



## 1.1. Introducción ao apartado

Este documento fai referencia aos contidos da análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente ao Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo, que corresponde ao apartado E do anexo C das bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

O principal obxectivo deste documento é o definir as potencialidades e oportunidades do territorio que abrangue o GDR Pontevedra Morrazo, de cara á aplicabilidade dos distintos instrumentos que contempla a Lei de Recuperación de Terra Agraria de Galicia, para frear o abandono que se produce na contorna rural.

### 1.1.1. Análise do uso e ocupación do territorio rural

O primeiro paso desta análise foi identificar as zonas de maior abandono de terras agrarias nun período de tempo establecido, por medio da información xeográfica existente. Para valorar esta situación pátrese de dúas fontes de datos, o Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE) e o Sistema de Información Xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC):

- SIOSE. Analizáronse os datos dos anos 2.009 e 2.017, este último realizado en alta resolución.




Figura 1. Zonas agrícolas 2.009




Figura 2. Zonas agrícolas 2.017




Figura 3. Superposición SIOSE 2.009 e 2.017 (as zonas en vermello indican cese do uso agrícola).

- SIXPAC. Analizáronse os datos dos anos 2.002 e 2.022 (excepto no caso de Cerdedo-Cotobade que se parte do ano 2.011).




Figura 4. Zonas agrícolas 2.002  
Cerdedo-Cotobade 2.011




Figura 5. Zonas agrícolas 2.022




Figura 6. Superposición SIOSE 2002 e 2022 (as zonas en vermello indican cese do uso agrícola).

Como resultado da análise visual das imaxes mostradas obsérvase un certo abandono de terras destinadas a uso agrario. Na táboa seguinte (percentaxe de abandono por concello), faise máis evidente:

Táboa 1. Percentaxe de abandono de terras agrarias segundo SIOSE e SIXPAC.

| CONCELLO         | SIOSE   | SIXPAC  |
|------------------|---------|---------|
| A LAMA           | -31,54% | 2,06%   |
| BARRO            | -22,54% | 0,72%   |
| BUEU             | 56,78%  | -10,56% |
| CAMPO LAMEIRO    | -7,65%  | -1,09%  |
| CANGAS           | -13,19% | -3,41%  |
| CERDEDO-COTOBADE | -15,32% | -0,02%  |
| MARÍN            | -18,22% | -9,73%  |
| MOAÑA            | 70,22%  | -7,53%  |
| POIO             | -57,15% | -47,95% |
| PONTE CALDELAS   | -18,52% | -1,05%  |
| PONTEVEDRA       | -27,59% | -6,45%  |
| SOUTOMAIOR       | -21,89% | -3,54%  |
| VILABOIA         | 41,36%  | 0,00%   |
| Total            | -14,86% | -5,66%  |




Figura 7. Representación abandono de terras agrarias segundo SIOSE e SIXPAC.

Este traballo non trata de comparar ambos sistemas de información da ocupación do solo e explicar as diferenzas entre eles validando un ou outro, nin de interpretar os valores en cada concello. Hai que insistir que se trata de diferentes metodoloxías, escalas de traballo e temporalidades. O realmente significativo é que ambos sistemas indican que hai unha perda de terreos agrícolas cultivados e que ao estar cartografados podemos identificalos no terreo, independentemente da súa maior ou menor superficie. Como anécdota comentar que o SIOSE sempre amosa un maior grado de abandono, excepto en 3 concellos, situados todos eles no Morrazo.

### 1.1.2. Tendencias na xestión territorial por parte das explotacións gandeiras.

Na seguinte táboa pódese observar a variación da superficie agraria utilizada no ano 1990 e no ano 2020 en cada un dos concellos que forman o GDR Pontevedra – Salnés. Vese claramente a diminución de superficie de uso agrario en case todos eles, sendo a excepción os concellos de Bueu e A Lama onde se duplica a superficie agraria utilizada.

Táboa 2. Variación de superficies agrarias utilizadas entre os anos 1999 e 2020.

| Concello      | Superficie concello<br>ha | SUPERFICIE AGRARIA<br>UTILIZADA NO ANO 1999<br>ha | %     | SUPERFICIE AGRARIA<br>UTILIZADA NO ANO 2020<br>ha | %     | VARIACIÓN SAU<br>(1999-2020) |
|---------------|---------------------------|---------------------------------------------------|-------|---------------------------------------------------|-------|------------------------------|
| Barro         | 3.755                     | 701                                               | 18,7% | 208                                               | 5,5%  | -493 -29,7%                  |
| Bueu          | 3.084                     | 187                                               | 6,1%  | 375                                               | 12,2% | 188 200,5%                   |
| Campo Lameiro | 6.377                     | 428                                               | 6,7%  | 120                                               | 1,9%  | -308 -28,0%                  |
| Cangas        | 3.808                     | 156                                               | 4,1%  | 37                                                | 1,0%  | -119 -23,7%                  |
| Lama, A       | 11.176                    | 462                                               | 4,1%  | 935                                               | 8,4%  | 473 202,4%                   |
| Marín         | 3.666                     | 393                                               | 10,7% | 49                                                | 1,3%  | -344 -12,5%                  |
| Moaña         | 3.506                     | 128                                               | 3,7%  | 61                                                | 1,7%  | -67 -47,7%                   |

| Concello                | Superficie concello<br>ha | SUPERFICIE AGRARIA<br>UTILIZADA NO ANO 1999<br>ha | %     | SUPERFICIE AGRARIA<br>UTILIZADA NO ANO 2020<br>ha | %     | VARIACIÓN SAU<br>(1999-2020) |         |
|-------------------------|---------------------------|---------------------------------------------------|-------|---------------------------------------------------|-------|------------------------------|---------|
| Pontevedra              |                           |                                                   |       |                                                   |       | -677                         | -36,0%  |
| Poio                    | 3.393                     | 163                                               | 4,8%  | 29                                                | 0,9%  | -134                         | -17,8%  |
| Ponte Caldelas          | 8.700                     | 523                                               | 6,0%  | 353                                               | 4,1%  | -170                         | -67,5%  |
| Soutomaior              | 2.499                     | 212                                               | 8,5%  | 35                                                | 1,4%  | -177                         | -16,5%  |
| Vilaboa                 | 3.690                     | 242                                               | 6,6%  | 122                                               | 3,3%  | -120                         | -50,4%  |
| Cerdedo-Cotobade        | 21.327                    | 1.411                                             | 6,6%  | 1.825                                             | 8,6%  | 414                          | -129,3% |
| Superficies totais (ha) | 86.827                    | 6.063                                             | 7,34% | 4.529                                             | 4,11% | -1.534                       | -74,70% |

### 1.1.3. Identificación, localización e caracterización das actividades de transformación e comercialización de produción agroforestais.

Analízase neste apartado a evolución da actividade agroforestal.

#### 1.1.3.1. Evolución do número de empresas dedicadas á agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas entre os anos 2014 e 2020:

Táboa 3. Variación número de empresas dedicadas á agricultura, gandería,... entre os anos 2014 e 2020.

| Concello                | 2.014<br>Número de empresas dedicadas a<br>agricultura, gandería, caza e servizos<br>relacionados con elas | 2.020<br>Número de empresas dedicadas a<br>agricultura, gandería, caza e servizos<br>relacionados con elas |
|-------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Barro                   | 26                                                                                                         | 16                                                                                                         |
| Bueu                    | 17                                                                                                         | 14                                                                                                         |
| Campo Lameiro           | 14                                                                                                         | 8                                                                                                          |
| Cangas                  | 8                                                                                                          | 12                                                                                                         |
| Lama, A                 | 68                                                                                                         | 47                                                                                                         |
| Marín                   | 34                                                                                                         | 15                                                                                                         |
| Moaña                   | 21                                                                                                         | 17                                                                                                         |
| Pontevedra              | 94                                                                                                         | 62                                                                                                         |
| Poio                    | 24                                                                                                         | 19                                                                                                         |
| Ponte Caldelas          | 35                                                                                                         | 22                                                                                                         |
| Soutomaior              | 8                                                                                                          | 5                                                                                                          |
| Vilaboa                 | 7                                                                                                          | 8                                                                                                          |
| Cerdedo-Cotobade        | 69                                                                                                         | 44                                                                                                         |
| Superficies totais (ha) | 425                                                                                                        | 289                                                                                                        |

O número de empresas dedicadas á agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas, ten unha evolución negativa xeneralizada en todos os concellos do GDR coa excepción de Cangas e Vilaboa onde hai un lixeiro aumento deste tipo de empresas no ano 2020 con respecto ao ano 2014. Os datos foron obtidos do Instituto Galego de Estatística.

### 1.1.3.2. Evolución do número de unidades gandeiras totais (UGT) entre os anos 1999 e 2020:

Analizando ao sector gandeiro polo número de unidades gandeiras totais, a súa evolución entre os anos 1999 e 2020 é a seguinte:

Táboa 4. Variación número de unidades gandeiras totais entre os anos 1999 e 2020.

| Concello/ano            | Unidades gandeiras totais (UGT) |       |       | Variación UGT (1999-2020) |        |
|-------------------------|---------------------------------|-------|-------|---------------------------|--------|
|                         | 1.999                           | 2.009 | 2.020 |                           |        |
| Barro                   | 689                             | 145   | 47    | -642                      | -93,2% |
| Bueu                    | 113                             | 5     | 29    | -84                       | -74,3% |
| Campo Lameiro           | 658                             | 233   | 312   | -346                      | -52,6% |
| Cangas                  | 66                              | 1     | 40    | -26                       | -39,4% |
| Lama, A                 | 1.008                           | 1.577 | 1.140 | 132                       | 13,1%  |
| Marín                   | 240                             | 77    | 83    | -157                      | -65,4% |
| Moaña                   | 111                             | 9     | 12    | -99                       | -89,2% |
| Pontevedra              | 1.000                           | 276   | 489   | -511                      | -51,1% |
| Poio                    | 279                             | 312   | 280   | 1                         | 0,4%   |
| Ponte Caldelas          | 715                             | 408   | 265   | -450                      | -62,9% |
| Soutomaior              | 138                             | 30    | 29    | -109                      | -79,0% |
| Vilaboa                 | 367                             | 44    | 84    | -283                      | -77,1% |
| Cerdedo-Cotobade        | 2.047                           | 1.165 | 1.635 | -412                      | -20,1% |
| Superficies totais (ha) | 7.431                           | 4.282 | 4.445 | -2.986                    |        |

Hai unha diminución xeneralizada de carga gandeira excepto no concello de A Lama onde aumenta un 13% e no concello de Poio que se mantén preto das 300 UGT.

### 1.1.3.3. Evolución do número de empresas dedicadas á silvicultura e explotación forestal entre os anos 2014 e 2020:

Con respecto á situación do sector forestal o número de empresas dedicadas ao mesmo entre os anos 2014 e 2020 mantense ou aumenta excepto nos concellos de Pontevedra, Soutomaior e Cerdedo-Cotobade que diminúe.

Táboa 5. Variación número de empresas dedicadas á silvicultura e explotación forestal entre os anos 2014 e 2020

| Concello                | 2.014                                                              | 2.020                                                              |
|-------------------------|--------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|
|                         | Número de empresas dedicadas á silvicultura e explotación forestal | Número de empresas dedicadas á silvicultura e explotación forestal |
| Barro                   | 7                                                                  | 9                                                                  |
| Bueu                    | 4                                                                  | 6                                                                  |
| Campo Lameiro           | 6                                                                  | 7                                                                  |
| Cangas                  | 2                                                                  | 3                                                                  |
| Lama, A                 | 0                                                                  | 4                                                                  |
| Marín                   | 4                                                                  | 5                                                                  |
| Moaña                   | 3                                                                  | 6                                                                  |
| Pontevedra              | 21                                                                 | 19                                                                 |
| Poio                    | 6                                                                  | 6                                                                  |
| Ponte Caldelas          | 3                                                                  | 5                                                                  |
| Soutomaior              | 4                                                                  | 3                                                                  |
| Vilaboa                 | 2                                                                  | 2                                                                  |
| Cerdedo-Cotobade        | 12                                                                 | 9                                                                  |
| Superficies totais (ha) | 74                                                                 | 84                                                                 |

**1.1.3.4. Evolución da superficie forestal entre os anos 2007 e 2020:**

Con respecto ao terreo forestal os datos estudados pertencen aos anos 2.007, 2.014 e 2.020. Indicar que as variacións de superficie neste tipo de solo son pequenas, sendo a tendencia a da súa lixeira diminución, excepto nos concellos de Bueu e Cangas que hai un lixeiro aumento.

| Concello                | Superficie concello ha | Superficie forestal ano 2.007 ha | Superficie forestal ano 2.014 ha | Superficie forestal ano 2.020 ha | Variación Superficie forestal (2.007-2020) |       |
|-------------------------|------------------------|----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|--------------------------------------------|-------|
| Barro                   | 3.755                  | 2.861                            | 2.790                            | 2.777                            | -84                                        | -2,9% |
| Bueu                    | 3.084                  | 2.105                            | 2.117                            | 2.151                            | 46                                         | 2,2%  |
| Campo Lameiro           | 6.377                  | 4.944                            | 4.892                            | 4.817                            | -127                                       | -2,6% |
| Cangas                  | 3.808                  | 2.317                            | 2.306                            | 2.333                            | 16                                         | 0,7%  |
| Lama, A                 | 11.176                 | 8.713                            | 8.267                            | 8.528                            | -185                                       | -2,1% |
| Marín                   | 3.666                  | 2.499                            | 2.489                            | 2.487                            | -12                                        | -0,5% |
| Moaña                   | 3.506                  | 2.560                            | 2.541                            | 2.548                            | -12                                        | -0,5% |
| Pontevedra              | 11.847                 | 8.084                            | 7.392                            | 7.813                            | -271                                       | -3,4% |
| Poio                    | 3.393                  | 2.337                            | 2.264                            | 2.215                            | -122                                       | -5,2% |
| Ponte Caldelas          | 8.700                  | 5.913                            | 5.744                            | 5.677                            | -236                                       | -4,0% |
| Soutomaior              | 2.499                  | 1.605                            | 1.605                            | 1.604                            | -1                                         | -0,1% |
| Vilaboa                 | 3.690                  | 2.773                            | 2.696                            | 2.698                            | -75                                        | -2,7% |
| Cerdedo-Cotobade        | 21.327                 | 18.031                           | 17.591                           | 17.708                           | -323                                       | -1,8% |
| Superficies totais (ha) | 86.827                 | 64.742                           | 62.694                           | 10.882                           | -1.386                                     |       |

Táboa 6. Variación da superficie forestal entre os anos 2007 e 2020.

**1.1.3.5. Superficie forestal propiedade de comunidades de montes veciñais e man común:**

Hai presenza de terreo propiedade de comunidades de montes veciñais en man común en tódolos concellos que compoñen o GDR, supoñendo en cómputo xeral, case a metade do terreo forestal. Destaca este tipo de propiedade nos concellos de Campo Lameiro, A Lama, Ponte Caldelas e Soutomaior con porcentaxes deste terreo superiores ao 70% fronte a outro tipo de propietarios forestais.

| Concello                | Superficie concello ha | Superficie forestal ano 2.020 ha | %      | Superficie de comunidades de montes veciñais en man común ha | % superficie cmvmc da forestal |
|-------------------------|------------------------|----------------------------------|--------|--------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| Barro                   | 3.755                  | 2.777                            | 73,90% | 1.480                                                        | 53,30%                         |
| Bueu                    | 3.084                  | 2.151                            | 69,80% | 306                                                          | 14,20%                         |
| Campo Lameiro           | 6.377                  | 4.817                            | 75,50% | 3.875                                                        | 80,40%                         |
| Cangas                  | 3.808                  | 2.333                            | 61,30% | 834                                                          | 35,80%                         |
| Lama, A                 | 11.176                 | 8.528                            | 76,30% | 8.009                                                        | 93,90%                         |
| Marín                   | 3.666                  | 2.487                            | 67,80% | 1.123                                                        | 45,20%                         |
| Moaña                   | 3.506                  | 2.548                            | 72,70% | 1.557                                                        | 61,10%                         |
| Pontevedra              | 11.847                 | 7.813                            | 65,90% | 3.485                                                        | 44,60%                         |
| Poio                    | 3.393                  | 2.215                            | 65,30% | 1.320                                                        | 59,60%                         |
| Ponte Caldelas          | 8.700                  | 5.677                            | 65,30% | 4.314                                                        | 76,00%                         |
| Soutomaior              | 2.499                  | 1.604                            | 64,20% | 1.160                                                        | 72,30%                         |
| Vilaboa                 | 3.690                  | 2.698                            | 73,10% | 1.233                                                        | 45,70%                         |
| Cerdedo-Cotobade        | 21.327                 | 17.708                           | 83,00% | 2.122                                                        | 12,00%                         |
| Superficies totais (ha) | 86.827                 | 63.356                           |        | 30.819                                                       |                                |

Táboa 7. Superficie forestal propiedade de cmvmc.

### 1.1.4. Identificación de zonas incluídas en selos ou esquemas de certificación de calidade agroalimentaria (D.O, IXP) e /ou forestal:

A Denominación de Orixe Rías Baixas, baixo ao amparo da que se produce o exquisito viño albariño está divida en 5 subzonas, das cales dúas teñen presenza no GDR Pontevedra-Salnés. Na Subzona Salnés, da denominación de Orixe Rías Baixas está incluído o concello de Barro e na Subzona Soutomaior está incluído o concello de Soutomaior.




Figura 8. Identificación Zonas DO Rías Baixas (Fonte: Consello Regulador Rías Baixas)

A IXP Castaña de Galicia abrangue, entre outros, os concellos de Cerdedo- Cotobade (en parte), A Lama e Campo Lameiro.



Figura 9. Identificación concellos incluídos na IXP Castaña de Galicia (Fonte: IXP Castaña de Galicia)

## **2. Metodoloxía do informe**



## 2.1. Metodoloxía de traballo

O proceso de elaboración deste documento contén a estrutura de contidos pautada nas bases reguladoras para a selección das entidades candidatas a colaborar na xestión do programa Leader.<sup>1</sup>

O primeiro paso (exposto no punto 1.1.1.) foi identificar as zonas de maior abandono de terras agrarias nun período de tempo establecido, para a continuación, por medio da información xeográfica existente, realizar unha categorización segundo unhas determinadas variables, para así obter a maior ou menor aptitude das zonas como polígonos agroforestais ou aldeas modelos. As variables estudadas son as que se reflicten nos seguintes apartados.

1. Tamaño das parcelas.
2. Pendente
3. Capacidade produtiva
4. Frecuencia de lumes forestais
5. Zonas de concentración parcelaria
6. Existencia de limitacións

### 2.1.1. Tamaño das parcelas

Considérase de xeito positivo o maior tamaño das parcelas. Resulta máis sinxelo para a explotación a ausencia de certas barreiras entre as fincas e para acadar unha superficie determinada son precisos menos propietarios. Para valorar esta variable, calculouse o tamaño medio da parcela das zonas agrícolas estudadas en función da parroquia. A súa distribución amósase na seguinte imaxe:

---

<sup>1</sup> RESOLUCIÓN do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F).




Figura 10. Representación do tamaño medio das parcelas agrícolas.

### 2.1.2. Pendente

A agricultura implica, en xeral, unha gran incidencia sobre o solo, realizándose continuamente traballos sobre el. Se unimos este feito á enorme pluviosidade de Galiza, a pendente é un factor importante para a súa conservación. Tamén é fundamental para acadar unha alta mecanización que faga viables as explotacións.

Deste xeito, puntuáronse máis as zonas de menor pendente, segundo a clasificación das mesmas aportadas pola FAO (Organización de las Naciones Unidas para la Alimentación y la Agricultura). Para obter o mapa de pendentes, utilizouse o Modelo Dixital de Pendentes do Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, con paso de malla de 5 metros.




Figura 11. Representación da pendente media das parcelas agrícolas.

### 2.1.3. Capacidade produtiva

Dentro da descrición tanto de aldeas modelo como de polígonos agroforestais que se fai na Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia, faise referencia a que as zonas deben ter unha alta capacidade produtiva:

*Artigo 67.1 Os polígonos agroforestais teñen por obxecto prioritario por en produción áreas de terra agroforestal **con boa capacidade produtiva**...*

*Artigo 79.2. As aldeas modelo localizaranse en zonas en abandono ou infrautilización de **alta capacidade produtiva**...*

Para analizar a capacidade produtiva usouse o Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia do Laboratorio do territorio da Universidade de Santiago de Compostela.

Indicar que, en xeral, as zonas agrarias xa se localizan nas zonas máis produtivas como pode apreciarse nas seguintes imaxes, onde no primeiro se observan as zonas máis produtivas en cor verde e no segundo a situación das zonas agrícolas superpostas a ese plano, onde se observa practicamente a súa plena coincidencia.




Figura 12. Representación das diferentes zonas segundo a súa capacidade produtiva.




Figura 13. Superposición das zonas agrícolas sobre mapa de capacidade produtiva do terreo.




Figura 14. Representación da presenza das diferentes calidades do solo.

#### 2.1.4. Frecuencia de lumes forestais

Os incendios forestais é outras das variables para a realización da clasificación efectuada. Os datos tratados foron proporcionados pola Subdirección Xeral de Extinción da Xunta de Galicia e comprenden os últimos 12 anos (2.011-2.022).

Obsérvase unha variabilidade interparroquial elevada, cun número de lumes por parroquia nestes 12 anos que oscilan entre 1-63.

Na imaxe que se amosa obsérvanse os 4 grupos formados, onde as zonas de maiores lumes se amosan de encarnado.




Figura 15. Representación das diferentes parroquias segundo o número de lumes sufridos.

### 2.1.5. Zonas de concentración parcelaria

As zonas de concentración parcelaria deben ter un peso importante, xa que foron obxecto de elevadas inversións económicas, e nelas, a situación de abandono é intolerable ademais de reunir xa características que favorecen a rendibilidade das explotacións.




Figura 16. Representación das Zonas de Concentración Parcelaria dentro do GDR-15.

### 2.1.6.Existencia de limitacións

Existen diversas zonas que restrinxen o uso das terras agrarias, como pode ser a inclusión na zona de policía dun curso fluvial ou a pertenza a un espazo natural protexido. Neste estudo, esta variable toma valores negativos, é dicir, resta puntuación fronte ás outras variables estudadas.




Figura 17. Representación das zonas con limitación por presenza de cursos fluviais.




Figura 18. Representación das Zonas con limitación por estar incluídas en Rede Natura

### **3. Resultados obtidos**



### 3.1. Resultados obtidos

Unha vez analizada a clasificación das terras agrarias en base á súa potencialidade identificáronse as zonas que superaron os 50 puntos, conseguindo un total de 20 zonas.

O seguinte paso foi realizar un estudo máis polo miúdo desas 20 zonas para proceder a un filtrado de maior calidade utilizando a documentación gráfica dispoñible. Así, elimináronse 4 zonas, debido a que se observou que os datos do SIXPAC non se correspondían coa realidade ou que existían numerosas vivendas illadas nesa zona.

Das 16 zonas restantes, debido á súa localización, agrupáronse en 11 zonas que suman unha superficie superior ás 179 hectáreas. Amósase o resultado na seguinte táboa e nas imaxes e fichas correspondentes:

| NOME                             | CONCELLO         | SUPERFICIE (ha) |
|----------------------------------|------------------|-----------------|
| VIASCÓN                          | CERDEDO-COTOBADE | 17,09           |
| A CHAN, CARBALLEDO               | CERDEDO-COTOBADE | 13'81           |
| CANGAS 1 - NERGA                 | CANGAS           | 10'43           |
| PONTEVEDRA 1 – XUNQUEIRA DE ALBA | PONTEVEDRA       | 28'74           |
| CANGAS 2- NÚCLEO                 | CANGAS           | 12'60           |
| POIO - SAIÑAS                    | POIO             | 8'15            |
| SOUTOMAIOR                       | SOUTOMAIOR       | 8'15            |
| TOMONDE                          | CERDEDO-COTOBADE | 17'82           |
| AUGASANTAS                       | CERDEDO-COTOBADE | 8'23            |
| PONTE CALDELAS                   | PONTE CALDELAS   | 18'42           |
| PONTEVEDRA 2                     | PONTEVEDRA       | 35'83           |

Táboa 8. Zonas con mellores características para a súa recuperación agrogandeira.





Figura 19. Zonas máis valoradas para formar polígono agroforestal ou aldea modelo despois do primeiro filtrado.

### 3.1.1. Datos zona 1. Viascón

|                                   |                                                                                                       |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 1:                           | VIASCÓN                                                                                               |
| CONCELLO:                         | CERDEDO-COTOBADE                                                                                      |
| SUPERFICIE:                       | 17'08 ha                                                                                              |
| PUNTUACIÓN:                       | 68                                                                                                    |
| ZONA CONCENTRACIÓN<br>PARCELARIA: | VIASCÓN                                                                                               |
| APTITUDE MILLO:                   | A3m                                                                                                   |
| APTITUDE PASTO:                   | A1                                                                                                    |
| SITUACIÓN:                        | Zona en estado de infrautilización, con pasto,<br>con presencia de zonas en situación de<br>abandono. |












### 3.1.2. Datos zona 2. A Chan, Carballedo.

|                                   |                                                                                                       |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 2:                           | CARBALLEDO                                                                                            |
| CONCELLO:                         | CERDEDO-COTOBADE                                                                                      |
| SUPERFICIE:                       | 13'81 ha                                                                                              |
| PUNTUACIÓN:                       | 62                                                                                                    |
| ZONA CONCENTRACIÓN<br>PARCELARIA: | CARBALLEDO-REBORDELO                                                                                  |
| APTITUDE MILLO:                   | A2m                                                                                                   |
| APTITUDE PASTO:                   | A1                                                                                                    |
| SITUACIÓN:                        | Zona en estado de infrautilización, con pasto,<br>con presencia de zonas en situación de<br>abandono. |








### 3.1.3. Datos zona 3. Cangas - Nerga

|                 |                 |
|-----------------|-----------------|
| ZONA 3:         | CANGAS 1- Nerga |
| CONCELLO:       | CANGAS          |
| SUPERFICIE:     | 10'43 ha        |
| PUNTUACIÓN:     | 56              |
| APTITUDE MILLO: | A1              |
| APTITUDE PASTO: | A1              |

SITUACIÓN: Zonas en estado de infrautilización, con matogueiras, pasteiros e arborado forestal. Moito do terreo agrícola ten uso residencial temporal pola proximidade á praia.







Datos zona 4. Pontevedra – Xunqueira de Alba

|                 |                                                                                    |
|-----------------|------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 4:         | PONTEVEDRA 1                                                                       |
| CONCELLO:       | PONTEVEDRA                                                                         |
| SUPERFICIE:     | 28'74 ha                                                                           |
| PUNTUACIÓN:     | 55                                                                                 |
| APTITUDE MILLO: | A1                                                                                 |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                                 |
| SITUACIÓN:      | Zona de pasteiros maiormente abandonados e matogueiras. En parte zona de marismas. |








### 3.1.4.Datos zona 5. Cangas Núcleo

|                 |                                                                                        |
|-----------------|----------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 5:         | CANGAS 2                                                                               |
| CONCELLO:       | CANGAS                                                                                 |
| SUPERFICIE:     | 12'60                                                                                  |
| PUNTUACIÓN:     | 54                                                                                     |
| APTITUDE MILLO: | A2m                                                                                    |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                                     |
| SITUACIÓN:      | Maiormente terreos infrautilizados ou abandonados. Presenza de froiteiras en produción |







### 3.1.5. Datos zona 6. Poio – Saiñas

|                 |                                                                                                   |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 6:         | POIO - SAIÑAS                                                                                     |
| CONCELLO:       | POIO                                                                                              |
| SUPERFICIE:     | 8'15 ha                                                                                           |
| PUNTUACIÓN:     | 53                                                                                                |
| APTITUDE MILLO: | A1                                                                                                |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                                                |
| SITUACIÓN:      | Terreos infrautilizados con uso pasteiro e matogueira. Presenza de vivendas e outras edificacións |








Datos zona 7, Soutomaior.

|                 |                                                                              |
|-----------------|------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 7:         | SOUTOMAIOR                                                                   |
| CONCELLO:       | SOUTOMAIOR                                                                   |
| SUPERFICIE:     | 8'15 ha                                                                      |
| PUNTUACIÓN:     | 52                                                                           |
| APTITUDE MILLO: | A2m                                                                          |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                           |
| SITUACIÓN:      | Terreos maiormente infrautilizados onde hai presenza de viñedos abandonados. |








### 3.1.6. Datos zona 8, Tomonde.

|                 |                                 |
|-----------------|---------------------------------|
| ZONA 8:         | TOMONDE                         |
| CONCELLO:       | CERDEDO-COTOBADE                |
| SUPERFICIE:     | 17'82 ha                        |
| PUNTUACIÓN:     | 51                              |
| APTITUDE MILLO: | A3m                             |
| APTITUDE PASTO: | A1                              |
| SITUACIÓN:      | En situación de total abandono. |







### 3.1.7. Datos zona 9. Aguasantas.

|                 |                                                                                                         |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 9:         | AUGASANTAS                                                                                              |
| CONCELLO:       | CERDEDO-COTOBADE                                                                                        |
| SUPERFICIE:     | 8'23                                                                                                    |
| PUNTUACIÓN:     | 51                                                                                                      |
| APTITUDE MILLO: | A2m                                                                                                     |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                                                      |
| SITUACIÓN:      | Aproximadamente a metade da zona en estado de abandono e a outra metade en infrautilización, con pasto. |





### 3.1.8. Datos zona 10, Ponte Caldelas.

|                 |                                                                                                 |
|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ZONA 10:        | PONTE CALDELAS                                                                                  |
| CONCELLO:       | PONTE CALDELAS                                                                                  |
| SUPERFICIE:     | 18'42 ha                                                                                        |
| PUNTUACIÓN:     | 50                                                                                              |
| APTITUDE MILLO: | A3m                                                                                             |
| APTITUDE PASTO: | A1                                                                                              |
| SITUACIÓN:      | Zona en estado de infrautilización, con pasto, con presencia de zonas en situación de abandono. |







### 3.1.9.Datos zona 11. Pontevedra 2.

ZONA 11: PONTEVEDRA2

CONCELLO: PONTEVEDRA

SUPERFICIE: 35'83

PUNTUACIÓN: 50

APTITUDE MILLO: A1

APTITUDE PASTO: A1

SITUACIÓN: Zona en estado de infrautilización, con pasto, con presenza de zonas en situación de abandono. Algunha parcela residual con horta para autoconsumo.







## **4. Recursos empleados**



## **4.1. Recursos empregados**

### **4.1.1. Información cartográfica**

A información cartográfica empregada foi a seguinte:

- Ortofotos do Plan nacional de ortofotos aéreas (PNOA).
- Información Xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).
- Datos do sistema de información sobre ocupación do solo de España (SIOSE).
- Modelo Dixital de Pendentes do Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana.
- Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia do Laboratorio do territorio da Universidade de Santiago de Compostela.
- Consulta visor aproveitamentos forestais – Xunta de Galicia.
- Consulta Visor Estratexias-GDR (<https://estratexisas.gdr.laborate.es/visor>)
- Información dos lumes proporcionada pola Subdirección Xeral de Extinción da Xunta de Galicia.
- Información de limitacións obtida da plataforma Xorfor – Xunta de Galicia.

### **4.1.2. Outra información empregada**

- Datos do Instituto Galego de Estatística (IGE).
- Datos da oficina virtual do medio rural Oficina Agraria Virtual.
- Datos do Consello Regulador Rías Baixas.
- Datos do IXP Castaña de Galicia
- Imaxes fotográficas realizadas polo autor.

## **4.2. Análise da aplicabilidade de instrumentos de recuperación de terras**

Atendendo as definicións da Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia, as 11 zonas propostas no apartado 2.2. compren cos requisitos para formar tanto Polígonos agroforestais como Aldeas modelo.

- **Polígono agroforestal:** instrumento voluntario de mobilización de terras que ten por obxecto o aproveitamento e a recuperación produtiva de parcelas que se encontren en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade.
- **Aldea modelo:** instrumento voluntario de recuperación de terras mediante a realización de actuacións integradas para a recuperación da capacidade agronómica das terras circundantes a núcleos de poboación e asentamentos poboacionais situados no territorio rural galego, co fin de promover actividade económica ligada ao sector primario ao tempo que reducir o risco de incendios forestais.

## **5. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas**



## 5.1. Identificación de axentes ou iniciativas interesadas na posta en produción de terra agraria ou no desenvolvemento de actividades de transformación e comercialización de produtos agroforestais.

Analizando os datos de partida utilizados neste informe e localizadas as zonas máis apropiadas para levar a cabo a súa recuperación non se observa unha tendencia na que encadrar o posible uso deses terreos, exceptuando a zona proposta en Poio onde se mantén a carga gandeira ao longo dos últimos anos e a zona de Soutomaior que pode aumentar o terreo destinado á produción de viño dentro da denominación de orixe Rías Baixas.

O resto das zonas, en principio, serían as máis apropiadas para as iniciativas de explotación agrogandeira que puideran xurdir.

| NOME                             | CONCELLO         | SUPERFICIE (ha) | DESTINO DA RECUPERACIÓN DE TERRA          |
|----------------------------------|------------------|-----------------|-------------------------------------------|
| VIASCÓN                          | CERDEDO-COTOBADE | 17,09           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| A CHAN, CARBALLEDO               | CERDEDO-COTOBADE | 13'81           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| CANGAS 1 - NERGA                 | CANGAS           | 10'43           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| PONTEVEDRA 1 - XUNQUEIRA DE ALBA | PONTEVEDRA       | 28'74           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| CANGAS 2- NÚCLEO                 | CANGAS           | 12'60           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| POIO - SAIÑAS                    | POIO             | 8'15            | Aumento da explotación gandeira existente |
| SOUTOMAIOR                       | SOUTOMAIOR       | 8'15            | Aumento da produción vitivinícola         |
| TOMONDE                          | CERDEDO-COTOBADE | 17'82           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| AUGASANTAS                       | CERDEDO-COTOBADE | 8'23            | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| PONTE CALDELAS                   | PONTE CALDELAS   | 18'42           | Novas iniciativas agrogandeiras           |
| PONTEVEDRA 2                     | PONTEVEDRA       | 35'83           | Novas iniciativas agrogandeiras           |

Táboa 9. Destinos propostos para as terras a recuperar.

